Trasalba 11-XI-1958

Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu queirido e lembrado amigo e mestre: Fai dous ou tres días, en Vigo, falando cos amigos acordamos presentare a candidatura de Francisco F.z del Riego, pra a Academia no canto do chorado amigo Cuevillas. Un bón galeguista ten de herdar a outro galeguista. Será presentada ben logo a proposta que xa está feita soscrita por D. Manuel Gómez Román, Martínez Risco-Macías e mais eu, indo así Vigo, A Cruña e Ourense. Coido que haberá loita. Hai de erguer a del Riego. Eu xa escribín varias cartas. Supoño que andan mais de unha candidatura en contra. De Lugo xa lle escribín a Fraguas. Non teño información sobre o posibre sentir dos Sres Vazquez Saco, e Vazquez Seixas.. Por eiquí andivemos ca sementeira do centeo. Traballo antigo e ritoal de unha grave beleza. Hoxe estou moi cansado. Fun a Ourense, subín ó cemiterio, asistín a Misa do Patrocinio San Martiño. A catedral case deserta estaba como traspos-ta. Non se pode ben figurare a lediza das coores outonizas na ribeira do Miño. Hai encostas que alouminan a tarde cos seus roxos e violados. Antesxamais vin salgueiras entairamente valtos de ouro trasparente.. Libre na brearrideira están as toxeiras en frol. Non teñen a fortura mesta da mimarceira, pro si mais lus. Onte, o empardecer, nun final escuro unha soia toxeira vella espallaba lus coma un candieiro. Pros vellos é gostoso sentírese un cánso ca seguranza de dormire. Cecais teña de ire a Madrid a un tribunal de oposi-

ciós. Un d'istes dias chegareime con Fita por dous dias a Sant Iago. Vai ser cousa xurdia, traballada con saber e paixón, con acerto fito isa súa historia da nosa literatura. Procuraréi o estudo meu sobre de Pondal no B. de A. de Lingua. Mais non respondo de atopalo logo. Descubríume o Saco y Arce.. Saudos a súa dona - b.s.p. - e fillas. Son lectoras, estudantes. Lembranzas de Fita pra Vdes. E apertas do vello admirador e amigo

R. Otero Pedrayo

C
12 1157-6